

SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 25 DE ABRIL DE 2019.-

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as seis horas e trinta e catro minutos do día 25 de abril de 2019, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente, coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

ALCALDE- PRESIDENTE

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D^a MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D^a MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CXG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

Non asiste D Xacobe García Soto (BNG).

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, aos concelleiros e concelleiras, ao público presente e ao que nos segue pola páxina web. Agradecer o cambio de horario aceptado por todos os grupos.

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DA ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FOI A DO 28 DE MARZO DE 2019 (ORDINARIA).

Non formulándose observacións fica aprobada por unanimidade.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 01 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de marzo; dúas; sobre aboamentos.

Do 28 de marzo; nove; dúas , sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre requirimento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de marzo; tres; dúas, sobre baixa recibo IBI; unha, sobre expte. 8IAE/2018.

Do 01 de abril; tres; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de abril; catro; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de abril; dúas; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de abril; cinco; dúas, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 05 de abril; sete; dúas; sobre nomamento tribunal baremación méritos; unha, sobre concesión prazo para alegacións; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 08 de abril; catro; unha,, sobre remisión documentación PO 73/2019 ao Xulgado; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de abril; cinco; dúas, sobre formalización contratos; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de abril; tres; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de abril, oito; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre delegación competencias; dúas, sobre contratación auxiliares policia local; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; dúas, sobre aboamentos.

Do 12 de abril; dúas; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de abril; tres; unha, sobre desestimación recurso; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de abril, dúas, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de abril; once; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre exención IVTM; dúas, sobre baixa na taxa recollida lixo; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión vado permanente.

Do 22 de abril; tres; unha, sobre requirimento; unha, sobre delegación de competencias; unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de abril; oito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; sete, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros.

3.-MOCIÓN RBC PARA A CREACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBADAVIA.

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E INFORMATIVA DE FACENDA, COMERCIO, PARQUE EMPRESARIAL, PROMOCIÓN DE EMPREGO , OBRAS PÚBLICAS E INFRAESTRUTURAS , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 15 DE ABRIL DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME

Ribeiro en Común volve demandar unha solución para o parque empresarial de Ribadavia reclamando unha solución ao bloqueo que sofre sen solo dispoñible. Facémolo en dous niveis: o Parlamento Galego e o Pleno do Concello de Ribadavia, xa que mentres XESTUR é un ente autonómico, os Concellos deben ser a instancia

que lideren políticas locais para o emprego e a dinamización económica do seu territorio.

Esta foi unha reivindicación histórica durante toda a lexislatura do noso grupo por iso volvemos levar ao Pleno do Concello as Mocións xa aprobadas por unanimidade nas que se reclamaban a liberación do solo bloqueado e a toma de medidas para unha oferta real de solo industrial que possibiliten a instalación de empresas en Ribadavia e a creación de postos de traballo para os veciños e as veciñas. **A falta de traballo en Ribadavia e na comarca do Ribeiro é o principal problema que padecemos e o factor principal dinamizador que pode mellorar a situación socio-económica actual.**

Os postos de traballo son o principal elemento para que unha sociedade teña vida. Ribeiro en Común volve reclamar:

- 1) Se liberen as parcelas de solo industrial bloqueado e se fagan cumprir as obrigas dos propietarios das parcelas que nunca edificaron. Fai un ano existían 8 parcelas de 13 sen edificar que naquela altura estaban xa incumprindo os prazos, no que semella unha clara operación de especulación co solo público.
- 2) Que se estableza un diálogo institucional entre Xunta e o Concello de Ribadavia para desbloquear o Parque empresarial e poñer a disposición de maneira urxente solo industrial suficiente para a instalación ou ampliación de empresas activas.
- 3) Que se tomen medidas pertinentes para a ampliación da fase 3 de dito polígono empresarial, unha vez se liberen as parcelas de solo industrial bloqueado.

Potencial e recursos do noso parque empresarial. Ribadavia como capital que é da comarca do Ribeiro debe selo tamén no sector industrial. Non sería entendible que as Administracións superiores á local destinaran recursos públicos a outros concellos da comarca para construír solo industrial público, cando o polígono de Ribadavia atopase, por unha banda con moi pouca capacidade de solo dispoñible para empresas, e por outra banda, cunha fase 3 aínda sen desenvolver.

A realidade é que unha parte demasiado importante do parque atopase comprado por propietarios que nunca chegaron a construír nin investir nel, ou dito doutra maneira, o solo público destinado a industria foi empregado na práctica pola maioría destes propietarios para especular, e non para crear unha empresa que demande postos de traballo para os e as ribadavienses.

As Administracións deben crear sinerxías.

En resumo, na actualidade un dos principais motores económicos debera ser o industrial, sendo a situación actual do noso polígono unha factor que resta toda a forza e potencia para o desenvolvemento económico para Ribadavia, no canto de ser un elemento dinamizador e creador de postos de traballo a través das potenciais empresas que se asenten nel.

Este é o obxecto principal desta Moción-Proposta, a xeración de emprego para a nosa veciñanza a través do asentamento de empresas no polígono industrial de Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. **Que desde o Concello de Ribadavia e Xunta se fagan as xestións pertinentes para que se liberen as parcelas de solo industrial bloqueado e se fagan cumprir as obrigas dos propietarios das parcelas que nunca edificaron.**
2. **Que se estableza un diálogo institucional entre Xunta e o Concello de Ribadavia para desbloquear o Parque empresarial e poñer a disposición de**

maneira urxente solo industrial suficiente para a instalación ou ampliación de empresas activas.

- 3. Se lle dea traslado á Xunta de Galicia e ao ente autonómico XESTUR deste Acordo Plenario. Así mesmo , se lle demande á Xunta de Galicia a ampliación da fase 3 de dito polígono empresarial para a creación de máis solo industrial.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE, PP, RBC , reservanse para o pleno CXG e BNG, fica ditaminada de xeito favorable, levándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Boa tarde a todas e todos neste derradeiro pleno ordinario. Nesta lexislatura RBC quiso centrarse na principal problemática socioeconómica de Ribadavia a ausencia de traballo e os medios para crearlo. Esta moción que se trae hoxe a pleno é a terceira vez que ven , en catro anos non mellorou a situación do polígono. Urxe iniciar as actuacións, hai corresponsabilidade de concello e da Xunta de Galicia. A solución ten que ser inmediata, hai solo que está bloqueado. Parte de ese solo se comprou de boa fe, coa intención de construír e non se pudo, outro se comprou para especular. É unha concesión a administración pode recuperar o solo. Reclamamos o diálogo institucional para que sexa unha realidade a terceira fase do Parque Empresarial, para que a xente de Ribadavia non teña que emigrar.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor de todo o que sexa sentar as bases para crear emprego. A urbanización da terceira fase do Parque Empresarial é responsabilidade da Xunta de Galicia.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos a favor, non cabe moito debate, é unha cuestión que xa veu en diferentes ocasións e se aprobou por unanimidade.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Xa votamos a favor na Comisión Informativa, é unha moción interesante , estamos de acordo. Neste tema sempre houbo diálogo institucional, faltou vontade política. O chan está a disposición da Xunta, falta a partida orzamentaria para que se execute.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Eu non sei se é decisión política, se falta intención política.Non entendo a frase de que se execute na próxima lexislatura porque fai falta, xa fai falta agora. A vontade institucional é bidireccional. Non vín a actitude no grupo de goberno nestes catro anos, en anos anteriores sí. Nestes catro anos non se conquisou,non sei se por falta de decisión política. Con esta mesma administración chegaron subvencións para que a empresa de sempre faga as obras. Agradecer o respaldo a moción , e polo ben de todos os veciños que se faga realidade e que haxa postos de traballo en Ribadavia.

Alcalde.- A frase ten unha explicación sinxela.Nese diálogo institucional un alcalde volca todas as enerxías en traer empresas ao concello. En relación ao que achaca ao grupo de goberno, se recolocou unha empresa baleira que agora ten moita actividade. Unha empresa pasou de sesenta a cento sesenta traballadores. Esa ampliación é fruto de

ese diálogo. Se construíron dúas naves en dúas parcelas baleiras. Hai que ir polo polígono industrial e se ve que hai moita máis actividade que fai catro, cinco ou seis anos antes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Fun ao polígono dúas veces esta semana.

Alcalde.- Hai diálogo coa Xunta para desbloquear a situación nunha parcela xa construída, o bloqueo o provocan as leis estatais. Vai a haber a necesidade dunha terceira fase. Se as empresas seguen crescendo haberá unha terceira fase. Hai toda a vontade do mundo. Ogallá en vez de dous centos carenta postos de traballo , houbera cincoentos ou seiscentos.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

4.-MOCIÓN PP SOLICITANDO A INCLUSIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO PROGRAMA DE CONCELLOS EMPRENDEDORES PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) firmaron en outubro de 2017 un convenio de colaboración para a creación dos Concellos Emprendedores. O obxectivo de este convenio é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En base a este programa de fomento empresarial da Xunta , os concellos deben establecer bonificacións de ata o 95% no IBI, IAE, e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes; supresión de taxas por prestación de servizos urbanísticos e por apertura de establecementos, comprometerse a conceder as licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñan de todos os informes, así como establecer bonificacións e a posibilidade de incorporación do dereito de superficie para favorecer o acceso a solo empresarial no seu municipio. A cambio de estas medidas que debe adoptar o concello, a Xunta de Galicia dará prioridade aos concellos emprendedores en ordes de axudas que se convocan en réxime de concorrencia competitiva para impulsar o emprego; o emprendemento , o comercio local ou proxectos relacionados coa industria 4.0. .En concreto inclúe un criterio específico no que o baremo de puntuación supoña, polo menos, o 20% do total.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que a inclusión de Ribadavia neste programa da Xunta de Galicia, ao que xa pertencen 55 concellos da provincia de Ourense pode ser positivo para impulsar proxectos empresariais , o emprego, o emprendemento e o comercio local no noso concello.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia somete á consideración do pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1) Instar ao goberno municipal a iniciar , de xeito inmediato, todos os trámites necesarios para que Ribadavia poida formar parte da rede de Concellos Emprendedores da Xunta de Galicia.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Existe un programa da Xunta de Galicia, da Consellería de Industria , asinado coa Federación Galega de Municipios e Provincias , para facilitar a implantación de empresas e novos comercios. Os concellos reducen os tipos fiscais, e se compromenten a dar celeridade ás licenzas urbanísticas. A xunta en subvencións de concorrencia competitiva pode outorgar un 20% do baremo total valorable da liña de axuda. A necesidade prioritaria de Ribadavia é a creación de emprego, que é a finalidade do convenio. Que Ribadavia sexa declarado concello emprendedor e se poida acoller a estes beneficios. Non ten moita complexidade ,hai que eliminar as taxas por servizos urbanísticos, reducir o IBI,etcétera... Xa hai cincuenta e cinco concellos da provincia e dous centos en toda Galicia. Da puntos nas subvencións de concorrencia competitiva.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor do que priorice a creación de emprego.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, pero quero facer unhas puntualizacións.Estas medidas as puido adoptar o concello con anterioridade, calquera concello as pode implementar. O noso grupo xa falou de bonificacións. Eu descoñezo as subvencións que perdeu o concello por este baremo. Faría falta un proxecto máis ambicioso, pero todo suma . A favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos parece unha medida interesante. O concello xa ten bonificacións no Parque empresarial e no casco histórico.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Se poden adoptar estas medidas sen o programa, pero o programa é un incentivo. Estas axudas son a particulares, non ás Administracións. Hai unha parte de axuda pública, e da axudas a particulares que desenvolve unha iniciativa privada para ampliar empresas.

Alcalde.- Este tema se implantou case a final de ano.Habia algúns acordos que requerían intencionalidade. As bonificacións de Xestur para o parque empresarial, o que supoñen na práctica , é que o concello ten que poñer case todo da súa parte. Nas bases de moitas subvención se contempla o tema das agrupacións, a cuestión é que un concello que está adherido a este programa , vai diante dos concellos que están agrupados.

O pleno do concello por unanimidade adopta o seguinte acordo:

1) Instar ao goberno municipal a iniciar , de xeito inmediato, todos os trámites necesarios para que Ribadavia poida formar parte da rede de Concellos Emprendedores da Xunta de Galicia.

5 MOCIÓN DE URXENCIA RIBEIRO EN COMÚN HOMENAXE Á PINTORA CARMEN G PÉREZ-NEU.

Como portavoz de Ribeiro en Común veño de ter coñecemento de que neste ano 2019 cumprese o centenario do nacemento da pintora e veciña de Ribadavia Carmen G Pérez-Neu (Ribadavia 1919-Madrid 2005)

Por estes motivos propomos que o Concello de Ribadavia adopte como acordo:

- 1 Que desde o concello se inicie e organice unha homenaxe a exposición da pintora ribadaviense coincidindo co centenario do seu nacemento.
- 2 Que desde o concello se consensue e acorde coa familia dito acto, se así se estima pola súa parte.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- O noso grupo foi coñecedor do centenario de Carmen Pérez Neu, moita xente descoñece a esta pintora, que reflectiu moitas veces a Ribadavia, propoñemos unha homenaxe que difunda a súa obra entre a xente.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.-ROGOS E PREGUNTAS

D Manuel Vázquez López (CXG).- Espero estar neste plenario na próxima legislatura. Quero agradecer a todas as persoas que me apoiaron para ser concelleiro. Agradecer o traballo que se realizou de maneira conxunta co grupo de goberno. Pedir desculpas aos que estan noutras posicións políticas se algunha vez, sen querer ofendín.

Despedir a don Celso Sotelo Barroso e a dona María López Touza e recoñecer o seu bo traballo e moita adicación.

D Brais Fidalgo Martínez(RBC).- Solicito que o pleno de sorteo das mesas electorais se poña máis tarde a unha xa que coincide coa presentación da Feira do Viño.

Rogaríá que se revisara o seguro das Termas de Prexigueiro e lembrar que non fun convocado ao Padroado.

Reiterar o rogo respecto ás gardas de taxi pola noite.

Que se teñan en conta os anteriores rogos e as mocións non executadas.

Agradecer aos que recibiron con bo trato as propostas de RBC.

Agradecer aos veciños e veciñas que nos axudaron. A veces o noso traballo foi malinterpretado, pido desculpas aos que se sentiron así.

Agradecer o trato recibido de moitos concelleiros e concelleiras e o traballo dos saíntes.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Agradecer o traballo de todos e todas os membros da Corporación e facer unha mención especial a Javier Iglesias Sendín e ao noso compañeiro Celso Sotelo que leva media vida adicada a servir aos veciños e veciñas de Ribadavia.

D Javier Iglesias Sendin (PSOE).-Dar as grazas a toda a Corporación, a todos os

concelleiros que pasaron dende 2003; a todos os grupos que apoiaron os orzamentos. Agradecer a todos os funcionarios, en especial a Rafael Cid Fernández, que me ensinou todo o que sei, todo o que fixe ben foi seguindo o seu consello, e ao próximo concelleiro de facenda, se quere facer ben as cousas, lle recomendo que siga os consellos de Rafa. Que a nova corporación traballe con ilusión en beneficio de todos.

Alcalde.- Agradecer a labor de todos sen exclusión. A labor de concelleiro e concelleira é moi importante, a labor de todos é espectacular. Máis do noventa por cen dos concelleiros o fan de maneira altruista. Os veciños o teñen que entender, é un traballo necesario, algún ten que rexer o concello. Os que estamos e aquí o facemos coa mellor intención. Fora de algún rifirrafe ogallá todas as corporacións de Ourense se comportarán así a nivel político e no trato persoal, unha mostra é que ningún concelleiro foi expulsado. Agradecer o bo trato da oposición ou da alternativa de goberno. Agradecer as persoas que non van a estar pero poden volver a estar. A don Celso Sotelo Barroso, ao marxe de algunha trifulca dialéctica, é un concelleiro traballador e que quere a este pobo, o PP o vai a botar en falta.

Agradecer a María López Touza, a compañeira que se vai, merece todo o meu respecto. Levou unha tarefa moi complicada, que non é grata. Creo que no concello de Ribadavia, se fan as cousas bastante ben. O meu pleno agradecemento.

A Javier Iglesias Sendin, eu cheguei con él, estivo dezaseis anos no goberno, anos de paz orzamentaria, foi portavoz, fixo moitas cousas ben por este concello, é un gran concelleiro, Só teño palabras de agradecemento, gran concelleiro e gran persoa. Agradecer a todos o seu traballo, Eu non vou a cambiar a miña maneira de ser vehemente, a tensión se foi moderando. Se algún se sentiu ofendido pido desculpas. Agradecer a Xacobe García Soto o seu traballo, que dende a súa xuventude é unha persoa razoable e que argumentaba moi ben.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Non levo ningún enemigo da política, só amigos. Defendín sempre o pobo, quero moito o pobo. Foi unha honra representar aos veciños e veciñas de Ribadavia.

Dª María López Touza (PSOE).- Grazas a todos os compañeiros do pleno. Grazas aos traballadores do concello que son espectaculares, me axudaron en todo. Todos os veciños de Ribadavia deberían pasar por aquí, e ver o complicado que é, e o fácil que é falar dende fora.

E sendo as sete horas e trinta e dous minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO



Concello de Ribadavia